



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 – 15630 Miño

EXPTE: 2020/A002/000009

Informe de fiscalización previa

Asunto.- Convocatoria polo Concello de Miño de becas para o comedor escolar curso académico 2020-2021

Fase orzamentaria: Aprobación do gasto (fase A)

Antecedentes

Preséntase ante esta intervención a efectos da súa fiscalización expediente administrativo que recolle a convocatoria polo Concello de Miño de becas para o comedor escolar curso académico 2020-2021. Consta na documentación incorporada ao expediente, proposta de inicio asinada polo alcalde de data 24 de xuño de 2020, así como proposta de bases que rexerán a convocatoria asinadas na mesma data pola concelleira da Área de Educación, Cultura, Comunicación, Participación Cidadá e Transparencia.

Normativa aplicable

A fiscalización do presente expediente é exercida de conformidade co disposto no *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais*, xunto co *Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local*, e de acordo así mesmo cas previsións contidas nas *Bases de Execución do orzamento de 2019, prorrogado para 2020*; como normas supletorias resultan de aplicación:

- Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
- Real Decreto 2188/95 que desenvolve o Réxime de control interno exercido pola Intervención Xeral do Estado.
- Circular 3/1996, do 30 de abril, pola que se ditan instrucións sobre función interventora.
- Resolución de 2 de xuño de 2008, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 30 de maio de 2008, polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos.

A normativa de referencia para a comprobación da adecuación dos asuntos fiscalizados á legalidade é a seguinte:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 – 15630 Miño

EXPTE: 2020/A002/000009

- Bases de execución do orzamento do exercicio 2019, prorrogadas para o ano 2020.

Informe de fiscalización:

Primeiro: Gasto plurianual e existencia de crédito axeitado e dabondo.- Conforme ao previsto na base 3ª das que rexen a convocatoria atopámonos ante un gasto de carácter plurianual (*son gastos de carácter plurianual aqueles que extienden sus efectos económicos a ejercicios posteriores a aquel en que se autoricen y comprometan*: **artigo 79.1 do Real Decreto 500/90**) en tanto que o concello coa aprobación da mesma asumirá un **compromiso de gasto** que estenderá os seus efectos económicos ao exercicio orzamentario de 2021 e responderá a seguinte execución orzamentaria:

- Ano 2019.....4.950,00 euros
- Ano 2020.....11.550,00 euros

Polo que, con respecto ao **gasto imputable ao exercicio 2020**, sinalar que no orzamento de 2019, prorrogado para 2020, existe crédito axeitado e dabondo a imputar na partida 2020. 0. 326. 0. 480.00 para darlle cobertura orzamentaria ao mesmo. Queda constancia no expediente do documento contable RC.

E, con respecto ao **gasto imputable ao exercicio 2021**, sinalar que conforme ao previsto no artigo 174 do TRLRFL, (*La autorización o realización de los gastos de carácter plurianual se subordinará al crédito que para cada ejercicio autoricen los respectivos presupuestos*), **o concello estará obrigado a consignar nos orzamentos futuros a cantidade que se comprometa coa aprobación da convocatoria en tanto que a dotación condicionará en todo caso a súa eficacia** (*engadir neste punto que a falta de consignación de crédito dabondo e axeitado para facer fronte ao compromisos adquiridos en exercicios anteriores é un dos motivos polos que se poden presentar reclamacións contra o orzamento, artigo 170.2 b) do TRLRFL*).

Segundo: Xestión orzamentaria.- De acordo co disposto nos artigos 184 do TRLRFL e 52 e ss. do Real Decreto 500/1990, xunto ca BEO nº 17ª, a fase orzamentaria de xestión dos créditos que supón o acordo proxectado se corresponde coa fase de aprobación do gasto (Fase A). Neste sentido o artigo 34.1 da LXS establece o seguinte *“con carácter previo á convocatoria da subvención ou a concesión directa da mesma, deberá efectuarse a aprobación do gasto nos termos previstos na Lei Xeral Orzamentaria ou nas normas orzamentarias das restantes Administracións Públicas”*.

Terceiro: Órgano competente.- De acordo co disposto na Base 69ª das BEO do orzamento de 2017, prorrogado para 2019 (e de conformidade ca lexislación de réxime local-artigo 21.1 f) e s) da LRBRL), o órgano competente para aprobar a presente convocatoria é o Alcalde-Presidente, sen perxuízo das delegacións conferidas (*As convocatorias de cada grupo de subvencións aprobarase preferentemente no primeiro trimestre de cada ano, para cada unha das modalidades. A competencia para a súa aprobación corresponde ao Alcalde, competencia que poderá delegar na Xunta de Goberno Local, de conformidade coas normas establecidas na normativa de réxime local*). Así mesmo e de acordo cos artigos citados da LRBRL é órgano competente para aprobar o gasto que representan a convocatorias das presentes axudas o Alcalde-Presidente ou órgano no que delegue.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 – 15630 Miño

EXPTE: 2020/A002/000009

Cuarto: Extremos adicionais a comprobar.- A maiores no presente expediente compróbanse os seguintes extremos:

- Previsión da presente convocatoria nun Plan estratéxico de subvencións (artigo 8.1 LXS).
- Competencia do órgano administrativo concedente da subvención (artigo 9.4 a) LXS).
- Adecuación do contido da convocatoria de acordo co artigo 20 da LSG.
- Adecuación do procedemento de concesión (en réxime de concorrencia competitiva) ao disposto nos artigos 20 e ss. da LSG.
- Fixación e adecuada ponderación dos criterios de valoración para a concesión das axudas.

Examinados os extremos anteriores, considérase que todos eles cumpren as esixencias fixadas na normativa aplicable, salvo o sinalado en primeiro lugar, en tanto que este concello non ten aprobado plan estratéxico de subvencións nos termos esixidos polo citado artigo 8.1 da LXS: *“Los órganos de las Administraciones públicas o cualesquiera entes que propongan el establecimiento de subvenciones, con carácter previo, deberán concretar en un plan estratégico de subvenciones los objetivos y efectos que se pretenden con su aplicación, el plazo necesario para su consecución, los costes previsibles y sus fuentes de financiación, supeditándose en todo caso al cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria”.*

Resultado da fiscalización e conclusións:

Fiscalizado de conformidade con observacións, polo que procede a tramitación do expediente.

Observacións formuladas: O concello debería ter aprobado con carácter previo á presente convocatoria un plan estratéxico de subvencións nos termos previstos polo artigo 8.1 da LXS.

En Miño, na data da sinatura electrónica
A interventora

María del Pilar Souto Pan